



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 22 de xuño de 2026, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, considera pertinente a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde Apretude® (cabotegravir 600 mg suspensión inxectable de liberación prolongada), por ser considerados medicamentos de alto impacto sanitario e social na seguinte indicación:

"en combinación con prácticas sexuais mais seguras, para a profilaxe preexposición (PrEP) co fin de reducir o risco de infección polo VIH-1 adquirida por vía sexual en adultos e adolescentes que pesen polo menos 35 kg, expostos a alto risco", e atendendo ao:

PROTOCOLO DO PROGRAMA DA PROFILAXE PREEXPOSICIÓN AO VIH EN GALICIA 2026

Outra información relevante

1. Con data 1 de abril de 2026, tras o acordo adoptado na sesión 267 da Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos do 25 de febreiro de 2026, incorporouse á prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde o cabotegravir de acción prolongada (APRETUDE®) para a profilaxe preexposición (PrEP) ao VIH.
2. Xúntase a este ditame o protocolo actualizado de ***Profilaxe Preexposición (PrEP) ao VIH en Galicia. 2026***, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública.
3. Por eficiencia, a prescrición de *Apretude*® deberá limitarse aos supostos autorizados e quedar debidamente xustificada na historia clínica, garantindo unha utilización eficiente dos recursos públicos e a sostibilidade do programa tal como se fai ver no protocolo actualizado da ***"profilaxe Preexposición (PrEP) ao VIH en Galicia. 2026"***

Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Director xeral de Integración e Innovación Asistencial
Alfredo José Silva Tojo

A directora xeral de Saúde Pública
Carmen Durán Parrondo